

AMPLIACIÓN DE DATAS DAS BASES CABALGATA DE REIS. NADAL 2017 – 2018

Exposición de antecedentes:

De acordo as *Bases de Cabalgata de Reis. Nadal 2017 – 2018* con data 27 de Novembro no apartado *Requisitos de participación* darase admitido un máximo de 4 carrozas. Ao remate do prazo de inscrición presentáronse 3 asociacións interesadas, quedando vacante o posto dunha das carrozas.

O obxectivo destas bases é a ampliación extraordinaria para cubrir o posto da carroza vacante, así como regular a participación das entidades/asociacións sen ánimo de lucro rexistradas no Concello, a través de carrozas na Cabalgata de Reis que organiza o Concello de Tomiño.

O desfile será o día 5 de Xaneiro. A saída será ás 16:30 horas dende O Alivio polo percorrido habitual. En caso de choiva, poderá suspenderse ou trasladarse para o día seguinte á mesma hora, a criterio da Concellaría.

1º Incrición e documentación a achegar.

Para solicitar a participación deberán cubrir o impreso que se facilitará no Concello e presentalo na oficina do Rexistro Municipal entre o día 20 e o 21 de decembro de 2017.

A documentación requirida para a inscrición é a seguinte:

- Impreso de solicitude na cal deberá ir acompañada dunha descrición do deseño da carroza (requisito indispensable).
- CIF da entidade.
- Certificado de titularidade da conta da entidade.
- Seguro de responsabilidade civil.

2º Requisitos de participación

As solicitudes serán segundo o modelo establecido pola Concellaría, debendo aportar obrigatoriamente un seguro de responsabilidade civil.

O tema da carroza terá que facer referencia á carroza do rei Baltasar.

Soamente se admitirá un máximo de 1 carroza das presentadas por asociacións rexistradas neste Concello. Entre as inscricións seleccionarase as propostas gañadoras.

3º Criterios de avaliación

Para poder participar na cabalgata terán en conta os seguintes criterios que serán avaliados pola Comisión Técnica de Cultura:

- Terán preferencia as entidades do Concello de Tomiño.
- O deseño e proxecto da carroza participante.

4º Compensación económica

Cada proposta co seu correspondente deseño, que sexa admitida, terá dereito á compensación económica, por un importe de 600€. No caso de que se suspenda a Cabalgata a compensación económica quedará reducida a 200,00€ para cada unha das inscricións admitidas.

O pago das compensacións económicas realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación da factura correspondente no Departamento de Intervención do Concello de Tomiño (presentando certificación, se é o caso, da exención do IVE). O prazo da presentación da factura será de 1 mes dende a celebración do acto.

O feito da presentación da documentación esixida nesta Convocatoria implica a aceptación, na súa totalidade, das presentes Bases. As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevisto que xurdan no desenvolvemento deste desfile serán resoltas pola Concellaría de Cultura do Concello de Tomiño.

Tomiño 18 de decembro de 2017.

Ana Cristina Martínez Souto
Concelleira de Cultura e Servizos Sociais